

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

PROXECTO DE DECRETO xxxxxx, do xx de xxx, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5, outórgalles ao galego e ao castelán o carácter de linguas oficiais que todas as persoas teñen o dereito de coñecer e usar; así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Por outra parte, o artigo 27.20 determina que lle corresponde a esta comunidade autónoma a promoción e o ensino da lingua galega. Nesta liña, a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, indica, no seu artigo 2, que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, como linguas oficiais que son da Comunidade Autónoma galega.

Desta equiparación legal do galego e do castelán deriva a necesidade de contar con profesionais cunha cualificación recoñecida para a tradución e a interpretación doutras linguas para o galego, e viceversa. De aí a conveniencia de regular a habilitación destes especialistas, o que facilitará, ademais, o uso do galego na documentación xurídico-administrativa, económica e científico-técnica, así como nos actos e procedementos que deban ter efectos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou que conteñan actuacións procedentes de fóra do seu ámbito territorial.

Por outra parte, a internacionalización das relacións sociais exige contar con traducións fidedignas do galego a outras linguas, e viceversa, especialmente en textos e actuacións nos ámbitos xurídico-administrativo, económico e científico-técnico. Así pois, a necesidade de realizar versións entre pares de linguas, que xorden na vida diaria nos citados ámbitos, tamén aconsella regular esta función. En primeiro lugar, porque existe a necesidade de dispor dun recoñecemento oficial das traducións e interpretacións xuradas para o galego e desta lingua para outras. En segundo lugar, coa finalidade de acreditar o nivel formativo dos profesionais que se dedican a estas funcións, mediante as

probas correspondentes nas que demostren o seu nivel de aptitude académica e formativa para obter o nomeamento de tradutor/a e/ou intérprete xurado/a. E, finalmente, para recoñecer regulamentariamente o feito de que as facultades de tradución e interpretación prevén itinerarios específicos de tradución xurídico-administrativa, económica e científico-técnica para o alumnado titulado nestas especializacións.

En consecuencia, ditouse o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa, modificado posteriormente polo Decreto 43/2009, do 26 de febreiro. Non obstante, despois de que transcorrese un período de tempo suficiente que permite analizar con perspectiva a súa aplicación, detectáronse determinados aspectos que cómpre modificar a través dunha nova regulación. Deste modo, revísanse os contidos das probas co fin de simplificalos e adecualos mellor ás funcións reais dos profesionais da tradución e da interpretación xurada e adáptanse os requisitos para a habilitación directa aos actuais itinerarios da formación superior en tradución e interpretación en Galicia. Así mesmo, cómpre ter en conta a evolución tecnolóxica e o uso cada vez máis habitual da sinatura electrónica, o que permite axilizar os procesos. Polo tanto, resulta necesario incluíla nesta nova norma, pois posibilita que a totalidade dos traballos de tradución e interpretación se realice por medios electrónicos.

A norma responde aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. O obxecto da regulación responde á satisfacción dun interese xeral, coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, necesidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade e simplicidade.

A tramitación deste decreto cumpriu coas exixencias de orde procedemental e realizouse de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da

Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Durante a súa tramitación posibilitouse a participación da cidadanía a través do proceso de consulta pública previa e posterior exposición pública, conforme ao principio de transparencia que debe presidir esta tramitación. Así mesmo, foi sometido aos informes requiridos polo vixente marco xurídico.

Por todo isto, de acordo cos artigos 4.6 e 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, por proposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día XX de XXXXXX de XXXX,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. É obxecto deste decreto a regulación da habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa.
2. A habilitación profesional á que se refire o punto anterior obterase mediante a superación das probas reguladas neste decreto. Tamén poderán obter esta habilitación as persoas que reúnan as condicións previstas no artigo 7 deste decreto.
3. As habilitacións para as modalidades de tradución e de interpretación son independentes entre si.

Artigo 2. *Carácter oficial da tradución e da interpretación*

1. As traducións e as interpretacións que realicen as persoas titulares da habilitación profesional regulada neste decreto teñen carácter oficial.
2. As persoas habilitadas para a tradución e/ou a interpretación xurada deben certificar a fidelidade e exactitude das súas actuacións, de acordo co que se indica nos artigos 11 e 12 deste decreto.

Artigo 3. Persoas destinatarias das probas

1. Poden tomar parte nas probas de tradución e/ou interpretación xurada as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade.

b) Estar en posesión dun título oficial do Estado español de grao ou licenciatura ou, como mínimo, dun título de diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou equivalente, ou ben dun título estranxeiro homologado a un dos mencionados.

2. As persoas aspirantes deben cumprir estes requisitos o día no que finalice o prazo para presentar a solicitude de inscrición nas probas.

Artigo 4. Convocatoria das probas

1. As probas serán convocadas, coa periodicidade precisa, pola persoa titular do órgano competente en materia de política lingüística.

2. A resolución da convocatoria deberá indicar:

a) As linguas e modalidades obxecto das probas.

b) O prazo e o modo de presentación das solicitudes e a documentación que debe achegarse.

c) A previsión das datas das probas e do lugar onde se realizarán.

d) O importe da taxa.

e) O lugar onde se publicarán as listaxes das persoas admitidas e excluídas e os resultados das probas.

3. O órgano competente en materia de política lingüística difundirá, posteriormente, o calendario e a sede das probas obxecto da convocatoria, así como a composición do tribunal.

Artigo 5. Composición e funcións do tribunal avaliador

1. O tribunal cualificador das probas de tradución e interpretación xurada formaranos os seguintes membros: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a e un máximo de cinco vogais. Ademais, poderá nomearse o persoal asesor que se precise. Todas estas persoas terán a condición de licenciadas ou graduadas. A composición de cada tribunal deberá tender a unha representación equilibrada entre homes e mulleres. O tribunal será nomeado pola persoa titular do órgano competente en materia de política lingüística.

2. As funcións do tribunal cualificador serán as seguintes:

- a) Deseñar, elaborar, corrixir e valorar as probas.
- b) Resolver as reclamacións presentadas.
- c) Aprobar os resultados.
- d) Elevar a correspondente proposta ao órgano competente para resolver a convocatoria.

Artigo 6. Réxime das probas

1. As probas estrutúranse nunha proba común e en probas específicas. A proba común é a de lingua galega. Son probas específicas a de tradución directa e inversa e a de interpretación consecutiva de enlace.

2. Tanto a proba común como as probas específicas teñen carácter eliminatorio.

3. As persoas candidatas poderán presentarse á proba específica de tradución, á de interpretación ou a ambas as dúas.

4. As probas serán as seguintes:

- a) Proba de lingua galega

Esta proba, en galego, será común para todos os idiomas e obrigatoria tanto para a modalidade de tradución como para a de interpretación. Constará de 50 preguntas (máis 5 de reserva) de carácter gramatical e terminolóxico sobre o

contido do temario que se publica como anexo I deste decreto. As preguntas terán 4 respostas alternativas das que só unha será a correcta. As respostas incorrectas penalizaranse de acordo co que estableza a convocatoria das probas.

b) Proba de tradución

O obxectivo xeral desta proba é avaliar os coñecementos e as capacidades necesarias para traducir textos do ámbito xurídico-administrativo, económico, científico-técnico ou ben outros textos formais non literarios.

A proba estrutúrase nas seguintes áreas:

1º. Tradución directa: consistirá nunha tradución ao galego desde a lingua á que se opte dun texto do ámbito xurídico-administrativo, económico, científico-técnico ou ben dun texto formal non literario.

2º. Tradución inversa: consistirá nunha tradución do galego á lingua á que se opte dun texto do ámbito xurídico-administrativo, económico, científico-técnico ou ben dun texto formal non literario.

3º. Preguntas sobre cuestións lingüísticas: formularanse preguntas sobre cuestións ou aspectos lingüísticos que lle permitan á persoa que se examina argumentar as solucións que empregou na tradución.

c) Proba de interpretación

O obxectivo xeral desta proba é avaliar os coñecementos e as capacidades necesarias para facer unha interpretación de enlace entre dous suxeitos, o que comporta tanto a interpretación consecutiva directa como a inversa.

Esta proba consiste en interpretar un fragmento gravado dunha conversa entre un/unha xuíz/a, fiscal ou avogado/a e un/unha declarante nunha vista oral ou nunha declaración. Despois de cada intervención, a persoa que se examina deberá traducila oralmente.

A proba estrutúrase nas seguintes áreas:

1º. Dominio das técnicas de interpretación: avaliarase o coñecemento e a aplicación correcta das técnicas de interpretación (comprensión e reprodución).

2º. Nivel de lingua galega: avaliarase a fluidez, a pronunciación e a entoación, a morfosintaxe e o vocabulario, de acordo co estándar oral.

3º. Nivel da lingua obxecto de interpretación: avaliarase a fluidez, a pronunciación e a entoación, a morfosintaxe e o vocabulario.

Artigo 7. Habilitación directa

Poden solicitar a habilitación para a tradución e/ou a interpretación xurada, sen necesidade de superar as probas reguladas neste decreto:

1. As persoas que posúan un título oficial de grao ou licenciatura en tradución e interpretación, sempre que acrediten mediante a certificación académica correspondente o seguinte:

a) Para a tradución xurada, deberán atoparse nalgún dos seguintes supostos:

1º. Ter cursados e superados 24 créditos de materias de tradución que deben corresponder obrigatoriamente á lingua para a que se solicita a habilitación para a tradución xurada e sempre en combinación co galego. Deses 24 créditos, 12 deben ser obrigatoriamente de tradución especializada (xurídico-administrativa, económica e/ou científico-técnica). De non figurar especificado deste xeito na denominación das materias, achegarán tamén un certificado do programa oficial coa combinación lingüística correspondente.

No caso de non acadar os 24 créditos exixidos coas materias do grao ou licenciatura, poderán completalos mediante materias cursadas en estudos de posgrao.

2º. Ter cursados e superados 24 créditos de materias de tradución que deben corresponder obrigatoriamente á lingua para a que se solicita a habilitación para a tradución xurada. Deses 24 créditos, 12 deben ser obrigatoriamente de tradución especializada (xurídico-administrativa, económica e/ou científico-técnica) en combinación co galego. De non figurar especificado deste xeito na

denominación das materias, achegarán tamén un certificado do programa oficial coa combinación lingüística correspondente.

No caso de non acadar os 24 créditos exixidos coas materias do grao ou licenciatura, poderán completalos mediante materias cursadas en estudos de posgrao.

Aquelas persoas que non teñan os 24 créditos de tradución na combinación lingüística para a que piden a habilitación cara ao galego deberán acreditar, ademais, que posúen un nivel de lingua galega correspondente ao Certificado de lingua galega 5 (Celga 5) ou C2 do Marco europeo común de referencia para as linguas.

Tanto no suposto 1º como no suposto 2º, de non acadar todos os créditos de materias de tradución (especializada ou non), poderán completalos mediante o Traballo de Fin de Grao (TFG) e/ou a realización de prácticas en empresas avaladas e tuteladas pola universidade correspondente. Neste caso, deberán achegar un certificado dos contidos do TFG ou das prácticas no que se mostre que están relacionados directamente coa tradución.

b) Para a interpretación xurada, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1º. Ter cursados e superados 18 créditos en interpretación que deben corresponder á lingua para a que se solicita a habilitación para a interpretación xurada, 12 dos cales deben ser obrigatoriamente en combinación co galego.

2º. Ter cursados e superados 12 créditos de materias de tradución xurídico-administrativa, económica e/ou científico-técnica.

Aquelas persoas que non teñan estes 30 créditos de interpretación e tradución na combinación lingüística para a que piden a habilitación cara ao galego deberán acreditar, ademais, que posúen un nivel de lingua galega correspondente ao Certificado de lingua galega 5 (Celga 5) ou C2 do Marco europeo común de referencia para as linguas.

2. As persoas que posúan o nomeamento de tradutoras e/ou intérpretes xuradas de galego expedido polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

Artigo 8. *Nomeamento*

1. A persoa titular do órgano competente en materia de política lingüística resolverá o nomeamento como tradutoras e/ou intérpretes xuradas daquelas persoas que superasen as probas reguladas neste decreto e das que proceda a súa habilitación directa de acordo co artigo 7.
2. Este nomeamento dará lugar á inscrición no rexistro que se regula no artigo seguinte.

Artigo 9. *Rexistro Oficial de Profesionais da Tradución e Interpretación Xuradas doutras Linguas para o Galego, e Viceversa*

1. O órgano competente en materia de política lingüística levará o Rexistro Oficial de Profesionais da Tradución e Interpretación Xuradas doutras Linguas para o Galego, e Viceversa, no que se inscribirán as persoas nomeadas como tradutoras e/ou intérpretes xuradas para o galego e do galego para outras linguas.
2. Os datos que deben figurar no rexistro son: nome e apelidos, enderezo de correo electrónico, teléfono, concello, número de rexistro e data de alta nel, así como a modalidade (tradución/interpretación) e a lingua ou linguas de habilitación.
3. O cambio de calquera destes datos debe ser comunicado pola persoa interesada para o seu asentamento no rexistro.
4. Os datos do rexistro son públicos.

Artigo 10. *Carné acreditativo*

1. O órgano competente en materia de política lingüística expedirá o carné acreditativo a nome da persoa que teña a habilitación para a tradución e/ou a interpretación xurada, segundo o modelo que consta no anexo II.
2. O carné acreditativo debe elaborarse a través de procedementos e medios que garantan a súa autenticidade e durabilidade.

Artigo 11. *Selo e certificación*

1. As persoas tradutoras e/ou intérpretes xuradas certificarán coa súa sinatura e selo a fidelidade e exactitude das súas actuacións.
2. No selo deberán figurar, polo menos en galego, necesaria e exclusivamente e sen adición de ningunha outra mención ou símbolo, os seguintes datos:
 - a) Nome e apelidos da persoa tradutora e/ou intérprete xurada.
 - b) Idioma ou idiomas para cuxa tradución e/ou interpretación fose habilitada polo órgano competente en materia de política lingüística.
 - c) Número de rexistro de tradutor/a e/ou intérprete xurado/a.
3. O selo e a certificación deberán axustarse aos modelos que constan nos anexos III, IV e V, segundo o caso.
4. As persoas tradutoras e/ou intérpretes xuradas tamén poderán incorporar, tanto no selo como na certificación, a versión correspondente á lingua obxecto da actuación xurada.
5. Para comprobar a autenticidade do orixinal a partir do que se efectuou a tradución, deberá acompañarse unha copia deste, selada e datada en todas as súas páxinas. No caso da interpretación, deberá acompañarse do rexistro de audio da interpretación e, se é o caso, da súa transcripción.

Artigo 12. *Sinatura electrónica*

1. As persoas tradutoras e/ou intérpretes xuradas poderán certificar coa súa sinatura electrónica a fidelidade e exactitude das súas actuacións.
2. A sinatura electrónica deberase realizar cun certificado electrónico cualificado de persoa física, de conformidade cos artigos 3.15 e 28 do Regulamento (UE) núm. 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE, así como co Regulamento (UE) 2024/1183 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, polo que se

modifica o Regulamento (UE) núm. 910/2014 no que respecta ao establecemento do marco europeo de identidade dixital.

3. Os datos da persoa física para a que se emita o certificado electrónico deberán coincidir cos datos consignados na certificación das actuacións.

4. Admitiranse os formatos de sinatura compatibles coa política de sinatura electrónica e de certificados da Administración xeral do Estado. Poderase utilizar para a sinatura calquera aplicación que xere os devanditos formatos. A validez das sinaturas xeradas comprobarase en <https://valide.redsara.es> ou na aplicación que corresponda.

5. A sinatura electrónica deberase realizar sobre a totalidade do documento xerado, que comprenderá aquel a partir do cal se efectuou a tradución, a propia tradución e mais a certificación.

6. A certificación das actuacións mediante sinatura electrónica pode substituír, pero non exclúe nin invalida, a certificación mediante sinatura manuscrita e selo físico.

En todo caso, cando se use a sinatura electrónica, incluírase, en substitución do selo físico, un recadro en formato texto que se axustará aos modelos dos anexos III, IV e V.

7. Se o orixinal a partir do que se efectuou a tradución está en formato electrónico, para comprobar a súa autenticidade, poderase asinar electronicamente. No caso da interpretación, poderase asinar electronicamente o arquivo de audio e, de ser o caso, o da súa transcripción.

Disposición adicional única. *Órgano competente en materia de política lingüística*

O órgano competente en materia de política lingüística será o que teña asignadas as atribucións na devandita materia.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa, o Decreto 43/2009, do 26 de febreiro, polo que se modifica o anterior, así como as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a consellería competente en materia de política lingüística para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

Santiago de Compostela, ... de de

Presidente

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

ANEXO I

Proba de lingua galega

Obxectivo xeral

O obxectivo da proba é que a persoa que se examina demostre que ten un dominio práctico da lingua galega que, ao facer unha tradución ou unha interpretación, lle permita utilizala dunha maneira correcta no galego normativizado.

Obxectivos específicos

A persoa que se examina debe demostrar que ten un coñecemento de grao superior da lingua nos aspectos seguintes:

Ortografía: debe demostrar que ten un dominio completo da ortografía, tanto no relativo ás regras xerais como ás regras particulares e ás excepcionais.

Morfosintaxe: debe demostrar que ten un dominio completo da morfoloxía e da sintaxe, tanto no relativo ás regras xerais coma ás regras particulares e ás excepcionais.

Léxico e fraseoloxía: debe demostrar un coñecemento amplo do léxico xeral e especializado e da fraseoloxía do galego estandarizado conforme a normativa da Real Academia Galega.

Contido

1. Ortografía e regras de acentuación. Puntuación

2. Morfosintaxe

2.1 Concordancias de xénero e número

2.2 Uso dos tempos e modos verbais

2.3 Uso das preposicións

2.4 Uso do artigo

2.5 Uso do pronome

2.6 Oracións simples e compostas. Coordinación e subordinación

2.7 Estranxeirismos sintácticos

3. Léxico

3.1 Léxico xeral e especializado. Interferencias léxicas. Calco e falso amigo

3.2 Interferencias fraseolóxicas

4. Toponimia: exónimos e endónimos

5. Terminoloxía básica das normas xurídicas: Constitución, lei, normas con rango de lei e regulamento
6. Denominación dos órganos lexislativos e executivos. Órganos da Administración
7. Denominación dos órganos xudiciais e do seu persoal. Tipos de resolucións xudiciais
8. Terminoloxía básica do dereito de familia
9. Terminoloxía básica do dereito de sucesións
10. Terminoloxía básica do dereito de obrigacións e contratos
11. Terminoloxía básica do dereito penal: delitos e penas. Elementos do delito
12. Terminoloxía básica do dereito mercantil
 - 12.1 Empresa e persoa empresaria
 - 12.2 Sociedades
 - 12.3 Propiedade intelectual e industrial
 - 12.4 Contratos
13. Terminoloxía básica do dereito laboral
 - 13.1 Relación laboral e contratos de traballo
 - 13.2 Terminoloxía básica de seguridade social
14. Dereito tributario: terminoloxía e elementos dos principais impostos
15. Contabilidade e finanzas
 - 15.1 Terminoloxía contable básica
 - 15.2 Terminoloxía financeira básica
16. Terminoloxía científico-técnica

16.1 Terminoloxía científica básica

16.2 Terminoloxía técnica básica

ANEXO II

Datos do carné

No anverso do carné de tradución e/ou interpretación xurada deben constar os seguintes datos:

Logotipo da Xunta de Galicia

Nome e apelidos e fotografía da persoa titular

DNI, NIE ou pasaporte

No reverso debe constar:

Número de inscrición no rexistro da persoa titular

Habilitación da lingua ou linguas

Modalidade (tradución/interpretación)

Data de inscrición

Sinatura da persoa titular do órgano competente en materia de política lingüística

ANEXO III

Modelos de selo e certificación de tradución/interpretación xurada

Selo

(NOME E APELIDOS)
Tradutor(a)/Intérprete xurado(a) de (IDIOMA)
N.º (NÚMERO DE REXISTRO)

Certificación de tradutor/a

(Nome e apelidos), tradutor(a)/intérprete xurado(a) de (idioma), en virtude do título outorgado pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, certifica que a que antecede é tradución fiel e exacta ao (lingua de destino) dun documento redactado en (lingua de orixe).

(Lugar e data)

(Selo)

(Sinatura)

Certificación de intérprete

(Nome e apelidos), tradutor(a)/intérprete xurado(a) de (idioma), en virtude do título outorgado pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, certifica a fidelidade e exactitude da súa interpretación realizada en (lugar), ás (horas) do (data), con ocasión de (feito).

Xúntase transcripción do contido da interpretación¹.

(Lugar e data)

(Selo)

(Sinatura)

1 Débese incluír só cando proceda.

ANEXO IV

Modelos de selo e certificación de tradución xurada

Selo

(NOME E APELIDOS)
Tradutor/a xurado/a de (IDIOMA)
N.º (NÚMERO DE REXISTRO)

Certificación

(Nome e apelidos), tradutor/a xurado/a de (idioma), en virtude do título outorgado pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, certifica que a que antecede é tradución fiel e exacta ao (lingua de destino) dun documento redactado en (lingua de orixe).

(Lugar e data)

(Selo)

(Sinatura)

ANEXO V

Modelos de selo e certificación de interpretación xurada

Selo

(NOME E APELIDOS)
Intérprete xurado/a de (IDIOMA)
N.º (NÚMERO DE REXISTRO)

Certificación

(Nome e apelidos), intérprete xurado/a de (idioma), en virtude do título outorgado pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, certifica a fidelidade e exactitude da súa interpretación realizada en (lugar), ás (horas) do (data), con ocasión de (feito).

Xúntase transcripción do contido da interpretación¹.

(Lugar e data)

(Selo)

(Sinatura)

1 Débese incluír só cando proceda.